

## Celebrouse a POLAFÍA na Estrada

(<http://www.tabeirosmontes.com/novas/celebrouse-a-polafia-na-estrada>)

10/12/2015 0 Comentarios (<http://www.tabeirosmontes.com/novas/celebrouse-a-polafia-na-estrada#comments>)



Finalmente A Estrada súmase ás POLAFÍAS da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELGA) achegando unha mostra dalgunha das súas manifestacións de cultura popular. Desde a Asociación Cultural "Vagalumes" agradeceuse a todos e todas as que fixeron posíbel este acto que perdurará nas páxinas da AELGA

As polafías son un proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), coordinado polo vogal de Literatura de Tradición Oral, Antonio Reigosa, e que conta coa colaboración de diversas asociacións e co patrocinio de institucións públicas.

A palabra polafia é un neoloxismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais, e ten como obxectivo primordial o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o valioso patrimonio oral, literario e musical, galego. O termo polafia quere reunir no seu significado o mellor dos diferentes matices e acepcións de vellas palabras (polavilas, fías, fiadas, fiandóns, seráns,...) con semellantes contidos. A principal diferenza, en canto ao desenvolvemento, daquelas xuntanzas de antigo co desta nova proposta é que agora podemos, e debemos, axudarnos das novas tecnoloxías, desde os aparellos de gravación, que favorecen o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de novas tecnoloxías, caso de internet, que poden contribuír a unha ampla difusión deste patrimonio.

O formato das polafías require a presenza dun mantedor, divulgador ou especialista que introducirá e comentará as principais características das pezas e xéneros literarios amosados, dun recitador de poesía anónima ou de autor de feito popular; dun músico, que interpretará romances, coplas ou cantares de raiceiras tradicionais. Sen

embargo, o elemento humano transcendental e imprescindible no desenvolvemento de cada polafía constitúíranos os homes e mulleres, narradores, cantadores, romanceadores...etc, veciñas e veciños de cada lugar onde se desenvolva a polafía, pois eles son os auténticos protagonistas, os que xenerosamente transmiten o seu saber. O que suceda nas polafías será gravado e logo difundido a través da web da AELG. As polafías teñen unha duración aproximada de 90 minutos.

Podedes consultar nesta web as feitas até o momento. Proximamente atoparemos a da Estrada.

<http://www.aelg.org/Polafias/>. (<http://www.aelg.org/Polafias/>.)

0 Comentarios (<http://www.tabeirosmontes.com/novas/celebrouse-a-polafia-na-estrada#comments>)